



2. ANDREA LÓPEZ CHAO E MULLERES GALEGAS NA EMIGRACIÓN A CUBA

Armando Requeixo

Secretario do Centro Ramón Piñeiro da Xunta de Galicia
Coordinador de actividades e publicacións da Casa Museo “Álvaro Cunqueiro”

Baixo o título “Andrea López Chao e a influencia doutras mulleres galegas da época no seu labor na emigración en Cuba (Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal). Andrea, unha das pioneiras feministas. Análise da súa participación no I Congreso da Muller celebrado na Habana no ano 1923” desenvolveuse no Auditorio Pascual Veiga de Mondoñedo unha mesa redonda no marco das XVI Xornadas do Peregrino ‘Abrindo Camiño’. Camiño de Santiago e Emigración. Homenaxe a Andrea López Chao.

Na mesa redonda participaron presencialmente Patricia Arés Muzio (bisneta de Andrea López Chao e profesora na Facultade de Psicoloxía da Universidade da Habana), Arantxa Fernández Crespo (directora da Cátedra de Cultura Galega da Universidade da Habana) e mais María Xosé Porteiro (xornalista e escritora e adxunta á Valedora do Pobo) e telematicamente Marina Mayoral (escritora e catedrática emérita da Universidade Complutense). A moderación correu a cargo de Armando Requeixo, secretario do Centro Ramón Piñeiro da Xunta de Galicia, profesor da Universidade de Santiago de Compostela e coordinador de actividades e publicacións da Casa Museo Álvaro Cunqueiro.

Antes de dar comezo á quenda de palabras da mesa proxectouse unha gravación videográfica onde a escritora mindoniense Marina Mayoral trazou unha sintética pero iluminadora panorámica que vencellou o espírito progresista, innovador e feminista de López Chao con outras dúas destacadas intelectuais do seu tempo: Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán, figuras en moitos sentidos complementarias, que foron un referente e marcaron o camiño polo que, dalgunha maneira, avanzou en paralelo a propia López Chao.

Camiño de Santiago e Emigración

A seguir, iniciou as intervencións presenciais a profesora Arés Muzio, quen debuxou un breve pero intenso perfil humano da súa bisavoa, situándoa nas claves epocais emigratorias que explican a súa heroica andaina e o extraordinario labor levado a cabo por esta na Cuba de hai cen anos. Tamén si, subliñou os vínculos galegos en xeral e mindonienses en particular de López Chao, uns lazos a unha terra e a unha devanceira que a Arés Muzio confesou sentir como decisivos e que, segundo as súas palabras, determinaron dalgunha maneira a súa dedicación profesional e afirmación feminista.

Tomou logo a palabra a profesora Fernández Crespo, quen se axudou dun ilustrativo power point para realizar un amplo percorrido por diversas figuras da intelectualidade hispanoamericana en xeral e cubana en particular que se significaron nas reivindicacións sociais en clave de muller e que, en non poucos sentidos, compartiron angueiras con López Chao, da que tamén salientou Fernández Crespo moitos dos episodios máis destacados da súa vida pública.

Deu remate á quenda de palabras a xornalista e narradora María Xosé Porteiro, quen con grande coñecemento e profusión de información deliñou os principais contextos históricos que, tanto en España coma en Cuba, lle tocou vivir a López Chao, con especial incidencia na epopea que, para ela e para tantas outras persoas, supuxo a odisea migratoria.

Tras as intervencións tivo lugar un pequeno coloquio no que participaron, en cruzada conversa, as compoñentes da mesa e á que tamén se sumou algún dos asistentes entre o público, diálogos que axudaron a reafirmar o admirable da vida e obra de Andrea López Chao, mindoniense universal que tan fonda pegada deixou na illa cubana.